

ANUNCIO.

PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023), QUE SE REXE POLAS BASES ESPECÍFICAS APROBADAS POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO Nº 13/54, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2024, MODIFICADAS POSTERIORMENTE POLO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚMERO 16/118, DO 13 DE MARZO DE 2024, DE MODIFICACIÓN DO ACORDO 13/54, DO 21 DE FEBREIRO DE 2024 DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO REFERIDO PROCESO SELECTIVO-

O Tribunal cualificador da convocatoria do referido proceso selectivo para o acceso en propiedade a catro prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2023), que se rexe polas bases específicas aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo nº 13/54, na sesión ordinaria celebrada o día 21 de febreiro de 2024, modificadas polo acordo número 16/118, do 13 de marzo de 2024, de aprobación das bases específicas reguladoras do referido proceso selectivo, **acordou convocar os opositores do precitado proceso selectivo, para a realización do segundo exercicio, que terá lugar o próximo día 23 de marzo de 2.026, as 10:00 horas, nas instalacións do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, sito na Avenida de los Deportes s/n, C.P. 27004, Lugo**, cuxo exercicio consistirá no desenvolvemento por escrito durante o tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ó chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Lugo 13 de marzo de 2026.

O Secretario do Tribunal

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez

